

**EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE FEBREIRO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Acordouse ratificar a urxencia.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 6/2018 DE DATA 5 DE FEBREIRO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de

Goberno Local núm. 6/2018 do día 5 de febreiro de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 135/2017. LICENZA URBANÍSTICA  
LEGALIZACION DE OBRAS 8677/16.**

Acordouse Desestimar as alegacións presentadas e CONCEDER LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DUN SOPORTAL REALIZADO NO LUGAR DE REGO DE PRADO NÚM. 1, PARROQUIA DE BERMÉS - LALÍN.

**3.- EXPEDIENTE 555/2018. MODIFICACIÓN OU  
CESAMENTO DA LICENZA DE OCUPACIÓN DE BEN DE  
DOMINIO PÚBLICO.**

Acordouse aceptar a solicitude formulada diante do ORAL, e resolver os contratos asinados con data de 15 de novembro de 2013 e 1 de xuño de 2016 e Declarar vacantes o postos núm. 13,14 e 15 da Praza de Abastos.

**4.- EXPEDIENTE 113/2018. INFORME OU  
CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Acordouse aprobar o informe da inspección municipal de data 15 de xaneiro de 2018 sobre información relativa á construción dun pendello no Camiño da Costa, 14 - Donramiro – Lalín.

**5.- EXPEDIENTE 86/2017. DECLARACIÓN DE RUÍNA  
ORDINARIA.**

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á DECLARACION DE RUÍNA CON INMINENTE PERIGO E TOTAL DEMOLICIÓN DUN SERRADOIRO ENTRE A RÚA DO RODO E CIDADE XARDÍN - LALÍN.

**6.- EXPEDIENTE 511/2018. CONTRATO DE SUMINISTRO  
POR PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA  
ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAJOSA, ÚNICO CRITERIO**

## **DE ADJUDICACIÓN AL PRECIO MÁS BAJO.**

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE PELLETS PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA DA PISCINA MUNICIPAL”.

### **7.- EXPEDIENTE 5876/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Acordouse Corrixir o apartado K) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN do Anexo I Do Cadro de Cartacteristicas do Contrato “URBANIZACIÓN E AXARDINAMENTO DA PRAZA DE GALICIA – FASE III”.

### **8.- EXPEDIENTE 542/2018. CONTRATO DE SUMINISTRO POR PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAJOSA, ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN AL PRECIO MÁS BAJO.**

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado SUBMINISTRACIÓN DE ZAHORRA PARA REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE LALÍN”.

### **9.- EXPEDIENTE 5491/2017. CONTRATO DE SUMINISTRO POR PROCEDIMIENTO ABIERTO, OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAJOSA, ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN AL PRECIO MÁS BAJO.**

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN E PINTURA PARA O CONCELLO DE LALÍN”.

### **10.- EXPEDIENTE 548/2018. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 21.175,00 € (IVE ENGADIDO) con destino ao contrato menor de servizos Redacción de pregos para o Servizo Municipal de

Abastecemento de Augas e Saneamento do Concello de Lalín.

**11.- EXPEDIENTE 5441/2017. CONTRATO MENOR DE SUMINISTRO.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 11.611,01 € (IVE incluído), con destino á realización da subministración denominada “ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA USO INFORMÁTICO E PARA A IMPLANTACIÓN DA E-ADMINISTRACIÓN”.

**12.- EXPEDIENTE 646/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION).**

Acordouse recoñecer a obriga a favor do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular correspondente á cota anual do exercicio 2018 por importe de 12.000 €.

**13.- EXPEDIENTE 644/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (INTERVENCION).**

Acordouse recoñecer a obriga por importe de 244,40 € a favor da Mancomunidade Terras de Deza en concepto de achega do Concello de Lalín ó custo de funcionamento da Depuradora de Losón, segundo a relación de gastos que consta nesta proposta, do que este Concello asume o 50% segundo o Convenio de Cooperación asinado a tal fin.

**14.- EXPEDIENTE 750/2018.RENOVACIÓN TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍA Nº15/2015.**

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 15/2015 con carácter DEFINITIVO.

**15.- EXPEDIENTE 710/2018. SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 12/2017.**

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas

con minusvalía número 12/2017 con carácter DEFINITIVO.

**16.- EXPEDIENTE 4268/2017. SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a AMPLIACION horaria a intensidade máxima no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**17.- EXPEDIENTE 4586/2017. SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a Ampliación horaria a intensidade máxima no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**18.- EXPEDIENTE 736/2018. SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse aprobar a alta efectiva no servizo de axuda no fogar modalidade libre concorrencia para unha persoa solicitante.

**19.- EXPEDIENTE 738/2018. SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse aprobar a alta efectiva no servizo de axuda no fogar modalidade libre concorrencia para unha persoa solicitante.

**20.- EXPEDIENTE 747/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para unha persoa solicitante por importe total de 136,31€.

**21.- EXPEDIENTE 534/2018. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES.**

**Acordouse** solicitar a subvención para o seguinte programa:

Programa de apoio os centros de información ás mulleres.

**22.- EXPEDIENTE 701/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN RALI DO COCIDO.**

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración os vindeiros días 16, 17 e 18 de marzo do presente ano desenvolverase o XXVIº Rali do Cocido, primeira proba do Campionato de España de Rallyes de Asfalto 2018.

**23.- EXPEDIENTE 574/2018.SOLICITUDE DE USO DA PRAZA DA IGREXA PARA APARCAMENTO E EXPOSICIÓN DE MOTOS NA IIª IMPALA GALEGA 2018.**

Acordouse conceder autorización para o uso da Praza da Igrexa o vindeiro día 18 de marzo de 2018, para organizar a IIª Impala Galega reuníndose na mesma praza as motos clásicas de Galicia por primeira vez na Comarca de Deza.

**24.- EXPEDIENTE 704/2018. SOLICITUDE DA AEDEZA PARA FEIRA DE OPORTUNIDADES EN ESPAZO PÚBLICO DE LALÍN.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**25.- EXPEDIENTE 705/2018. SOLICITUDE DA AEDEZA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DUNHA FEIRA DE OPORTUNIDADES NA VILA DE LALÍN.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**26.- EXPEDIENTE 703/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**27.- EXPEDIENTE 702/2018. SOLICITUDE USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.**

Acordouse conceder autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 100 personas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando á mañá do día 26 de xullo de 2018 e saíndo o día 27 de xullo de 2018 ás 9:00 da mañá.

**28.- EXPEDIENTE 700/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA USAR A PRAZA DA IGREXA.**

Acordouse conceder autorización municipal para usar a Praza da Igrexa para unha Kdd de vehículos BMW en Lalín, o día 14 de abril de 2018, dende as 10:00 horas ás 15:00 horas.

**29.- EXPEDIENTE 706/2018. INFORMANDO DUNHAS XORNADAS EUROPEAS DO IRMANAMENTO DE MUNICIPIOS EUROPEOS "LINDEN SAÚDA LINDEN".**

Dáse conta do escrito remitido por **Lalinde-Au Pays des Bastides-Dordogae Périgord de data 2 de febreiro de 2018, número de rexistro de entrada 772**, no que invitan ao Concello de Lalín a colaborar co Comité de Irmanamento de Lalinde, que se vai organizar na Vila de Lalinde, Francia do 9 ao 13 de maio de 2018- Xornadas Europeas do Irmanamento de Municipios Europeos “Linden saúda Linden” achegando o programa de actividades.

**30.- EXPEDIENTE 728/2018. SOLICITUDE PARA COLOCACIÓN DUN SEISCENTOS O SÁBADO 10 DE FEBREIRO DENDE AS 12:00 HORAS ATA AS 16:00 HORAS DO DÍA 11 DIANTE DO CASINO.**

Este expediente retirouse da sesión.

**31.- EXPEDIENTE 626/2018. APROBACIÓN CONTA**

### **XUSTIFICATIVA COCIDO DO ORGULLO.**

Acordouse aprobar a xustificación da realización das actividades do Cocido do Orgullo\* de Lalín 2017, e a correspondente aprobación do gasto conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 da Deputación de Pontevedra.

### **32.- EXPEDIENTE 4691/2017. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CAMBIO DE MEMORIA EN EXPEDIENTE DE SUBVENCIÓN. PLAN CONCELLOS 2017.**

Acordouse aprobar o proxecto denominado “Acondicionamento de zonas para espaxemento na rúa Carballeira da Botica, zona Auditorio e Parking Aldea Grande. Lalín”, redactado polo arquitecto técnico municipal, de data 5 de febreiro de 2018 e solicitar ao Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra que procedan a substituír o proxecto inicial polo novo proxecto no expediente referenciado (nº 2017044612).

### **33.- EXPEDIENTE 671/2018. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS, DIETAS E ASISTENCIAS.**

Acordouse reintegrar ao Concelleiro responsable da Área de Novas Tecnoloxías e responsable do Obxectivo Temático OT2, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 197,45€, de acordo cos xustificantes que se achegan á presente proposta, imputables á aplicación 912.231.00 do Presuposto municipal vixente.

### **34.- EXPEDIENTE 745/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO AUDITORIO PARA CHARLA PAC.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Auditorio municipal para o día 1 de marzo de 2018, entre as 10:00 horas e as 13:00 horas, para unha charla para informar aos titulares de explotacións agrarias e gandeiras de este Concello de Lalín sobre as axudas da PAC (Política Agraria Común).



**35.- EXPEDIENTE 5347/2017. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2018 FEIRA DO COCIDO - DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

Acordouse aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Deputación de Pontevedra para a Celebración do Desfile de Carrozas, Charangas, Comparsas e Agrupacións Musicais da 50ª Edición da Feira do Cocido 2018, que consta de once cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan.

**36.- EXPEDIENTE 4915/2017. SOLICITUDE DE AXUDA FSE-PROGRAMA OPERATIVO DE DE EMPLEO JUVENIL (AYUDAS AP-POEJ).**

Acordouse aceptar a axuda de 424.724,77 € do Fondo Social Europeo no ámbito da Garantía Xuvenil (axuda AP-POEJ) concedida ao Concello de Lalín, en Resolución da Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales - Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales - de 29 de xaneiro de 2018 (BOE núm. 29, do 1 de febreiro de 2018), para a cofinanciación do proxecto “Programa Mocidade Activa”.

**37.-EXPEDIENTE 5275/2017. ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 19.890,00 € (IVE ENGADIDO) con destino ao contrato menor de subministro Adquisición de vehículos para a Brigada Municipal de Obras do Concello de Lalín.

**38.- EXPEDIENTE 713/2018. RECLAMACIÓN DE REINTEGRO DE GASTOS POR ASISTENCIA XURÍDICA A FUNCIONARIO.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**39.- EXPEDIENTE 143/2018. APROBACIÓN DE**

**CONVENIO ADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.**

Acordouse aprobar o convenio co Concello de Silleda para o desenvolvemento do proxecto de prevención de condutas aditivas, para as anualidades 2018 e 2019, asumindo as obrigas e compromisos que no mesmo se recollen.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.